



Enquisa estrutural a fogares. Novas tecnoloxías

Resumo de resultados 28/07/2023

Índice

Introdución.....	1
Teléfono móbil	1
Ordenador.....	2
Internet	3
Compras por internet	5
Ciberseguridade.....	7
Administración electrónica.....	10
Grandes concellos	12

Introdución


A Enquisa estrutural a fogares (EEF) é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dúas partes: unha primeira de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñada para recoller información sobre variables básicas, e unha segunda de carácter específico.

No ano 2022 un dos módulos específicos ten por finalidade avaliar o uso e extensión das novas tecnoloxías na poboación galega.

Teléfono móbil

No ano 2022 o 86,03% da poboación de Galicia utiliza o teléfono móbil, cifra superior en 43,49 puntos á rexistrada no ano 2002, que se situou no 42,54%.


Persoas que usan teléfono móbil. Galicia *Unidade: porcentaxe (%)*



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Ordenador

Persoas que usaron ordenador no último mes. Galicia *Unidade: porcentaxe (%)*



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

En 2022, o 27,55% dos galegos de 5 ou máis anos manifestou non usar o ordenador, o 60,7% fíxoo no último mes, o 2,49% fai máis dun mes pero menos de tres meses, o 2,44% hai máis de 3 meses e menos dun ano e o 6,82%, fai máis dun ano. A porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador no último mes aumentou un 2,42 puntos con respecto ao ano 2018 e 31,84 puntos con respecto a 2002.

As maiores porcentaxes de uso do ordenador danse nos grupos de idade de 5 a 19 anos e de 20 a 29 anos, onde o 87,94% e o 86,37% dos mozos e mozas galegas comprendidas nestas idades utilizaron o ordenador no último mes.

Persoas que usaron tablet ou ordenador. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*


Variable	No último mes	Nunca o usou
Home	63,00	24,51
Muller	58,56	30,37
De 5 a 19 anos	87,94	7,89
De 20 a 29 anos	86,37	0,40
De 30 a 54 anos	76,07	8,90
De 55 ou máis anos	33,33	55,71
Total	60,70	27,55

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Internet

En 2022, o 85,38% dos fogares galegos contaba con conexión a Internet (917.086 fogares) . Esta porcentaxe varía en función da área xeográfica. Así, na área de Santiago, que comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago, a porcentaxe é do 91,05%, mentres que na área de Ourense sur esta porcentaxe sitúase no 71,05%.

Porcentaxe de fogares con conexión a internet. Áreas. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe sobre o total de fogares da área (%)*



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Os motivos polos que os fogares galegos non teñen conexión a internet son fundamentalmente que Non a necesitan, nun 52,30% dos fogares, Teñen poucos coñecementos para usala, nun 50,86% dos casos, e Non a queren, nun 48,98% dos fogares.

O uso de internet está máis estendido entre os mozos e mozas de 15 a 24 anos, xa que a utilizaron nos últimos tres meses o 99,74%. Cabe salientar, tamén, que o uso da rede polos nenos e nenas de 5 a 14 anos sitúase no 87,33%. O uso de internet vai diminuindo segundo aumenta a idade da poboación. Deste xeito, a porcentaxe de poboación de 55 a 64 anos que utiliza Internet baixa ata o 85,78% e para a franxa de idade de 65 ou máis anos sitúase en 38,81%.

Persoas se conectaron a internet nos últimos 3 meses segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Idade	Home	Muller	Total
De 5 a 14 anos	88,66	85,90	87,33
De 15 a 24 anos	99,94	99,53	99,74
De 25 a 34 anos	99,36	99,11	99,24
De 35 a 44 anos	98,25	98,44	98,34
De 45 a 54 anos	95,63	96,89	96,26
De 55 a 64 anos	83,65	87,78	85,78
De 65 ou máis anos	44,28	34,63	38,81
Total	82,04	77,16	79,51

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Compras por internet

No ano 2022, o 79,51% dos galegos e galegas de 5 ou máis anos manifestou terse conectado á Internet nos tres últimos meses. Entre a poboación de 16 ou máis anos que se conectou a Internet nos tres últimos meses, o 47,26% realizou algunha compra neses tres últimos meses e o 10,52% fai máis de tres meses e menos dun ano.

Persoas que usaron internet nos últimos 3 meses e realizaron algunha compra por internet por momento último de compra. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Momento	2018	2022
Total	57,48	65,69
Nos últimos 3 meses	38,96	47,26
Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	10,69	10,52
Hai máis de 1 ano	7,83	7,91

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 3 meses

As maiores porcentaxes, no tocante ás compras realizadas por Internet, rexístranse entre a poboación de 16 a 24 anos e a de 25 a 39 anos, nos que a porcentaxe que nos tres últimos meses realizou algunha compra por este medio foi do 56,67% e do 68,61%, respectivamente.

Persoas que usaron internet nos últimos 3 meses e compraron por internet por momento último de compra. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Variable	Nos últimos 3 meses	Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano
Home	45,27	11,91
Muller	49,22	9,16
De 16 a 24 anos	56,67	11,68
De 25 a 39 anos	68,61	12,82
De 40 a 54 anos	54,09	11,38
De 55 ou máis anos	22,67	7,70
Total	47,26	10,52

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 3 meses

Entre os bens e servizos mercados máis habitualmente a través de Internet figuran Roupas, zapatos ou accesorios; o 68,17% das persoas de 16 ou máis anos que realizaron compras por internet mercaron este produto. A continuación atópanse os Mobles, accesorios para o fogar ou produtos de xardinería co 24,98%, Entregas de restaurantes, cadeas de comida rápida co 22,27% e Artigos deportivos (agás roupa deportiva) co 21,52%.

Tipoloxía de compras efectuadas por internet no último ano. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)

Tipoloxía	2022
Alimentos ou bebidas de tendas ou supermercados	13,42
Artigos deportivos (agás roupa deportiva)	21,52
Bicicletas, automóbiles ou outros vehículos ou as súas pezas de reposto	7,37
Cosméticos, produtos de beleza ou benestar	16,78
Entregas de restaurantes, cadeas de comida rápida	22,27
Equipamento electrónico ou electrodomésticos	13,96
Libros, revistas ou xornais en formato físico	21,41
Medicamentos ou suplementos dietéticos	6,61
Mobles, accesorios para o fogar ou produtos de xardinería	24,98
Música en formato físico	4,03
Ordenadores, tablets, teléfonos móbiles ou accesorios	20,95
Películas ou series en formato físico	2,73
Produtos de limpeza ou hixiene persoal	8,38
Roupa, zapatos ou accesorios	68,17
Xoguetes para nenos ou artigos para o coidado de nenos	17,82
Outros	1,78

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 3 meses e comprou por internet no último ano

Ciberseguridade

No ano 2022, en Galicia o 71,10% das persoas de 16 ou máis anos proporcionaron datos persoais por internet (nome, data de nacemento, número de documento de identidade) e o 61,51% proporcionou detalles de pago (número de tarxeta de crédito ou de conta bancaria).

Persoas que proporcionaron datos persoais por internet nos últimos 12 meses segundo o nivel de estudos. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Datos	Primeira etapa de educación secundaria e inferior	Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	Educación superior	Total
Datos persoais (nome, data de nacemento, número de documento de identidade)	51,73	78,60	87,15	71,10
Detalles de pago (número de tarxeta de crédito ou de conta bancaria)	38,35	68,21	82,08	61,51
Información de contacto (endereço, número de teléfono, correo electrónico)	51,55	78,53	87,37	71,09
Outra información persoal (conversacións privadas, fotos persoais, localización actual, información relativa á saúde, ocupación, ingresos...)	24,13	32,66	36,58	30,73

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 12 meses

Por outra parte, no ano 2022 o 52,41% das persoas de 16 e máis anos residentes en Galicia sufriron incidentes de seguridade en internet nos últimos 12 meses. Segundo a idade, as porcentaxes máis altas están nos grupos de idade de 25 a 39 anos e de 16 a 24 anos.

Persoas que sufriron incidentes de seguridade en internet nos últimos 12 meses segundo idade. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Idade	2022
De 16 a 24 anos	57,68
De 25 a 39 anos	59,62
De 40 a 54 anos	56,71
De 55 a 64 anos	46,50
De 65 ou máis anos	35,04
Total	52,41

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 12 meses

Ademais, o 56,71% das persoas de 16 e máis anos residentes en Galicia actualizan periodicamente algún dos seus produtos de seguridade informática (actualizar antivirus, descargar actualizacións do teléfono móbil,..), mentres que o 26,54% non o fai ou non usa antivirus.

Persoas que actualizan algún dos seus produtos de seguridade informática (actualizar antivirus, descargar actualizacións do teléfono móbil,..) segundo idade. Galicia. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Actualización	De 16 a 24 anos	De 25 a 39 anos	De 40 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 ou máis anos	Total
Si, periodicamente (automática ou manualmente)	67,25	66,96	61,99	47,22	33,10	56,71
Si, ocasionalmente ou cando se acorda	18,37	16,12	18,62	16,08	12,94	16,75
Non, non o fai ou non usa antivirus	14,38	16,91	19,40	36,70	53,97	26,54
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos 12 meses

Administración electrónica

En 2022 un total de 1.444.863 persoas de 16 ou máis anos relacionáronse coas administracións públicas a través de internet. Isto supón que o 70,96% do total da poboación que realizou xestións ante as administracións ou organismos públicos o fixo a través da rede, porcentaxe que en 2018 era do 51,21%.

Os principais servizos polos que interactuaron coas administracións ou organismos públicos a través da rede foron: facer xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...) e facer a declaración da renda.

Servizos e actividades utilizados nas relacións por internet antes as administracións ou organismos públicos durante os últimos 12 meses.
Galicia *Unidade: porcentaxe (%)*

Servizos e actividades	2008	2013	2018	2022
Acceso a bibliotecas públicas (consulta de fondos...)	11,52	15,49	8,22	6,79
Declaración da renda e pago doutros impostos e taxas (IBI, imposto sobre vehículos de tracción mecánica...)	..	..	50,32	41,24
Petición e entrega de certificados (incluído Rexistro Civil)	15,95	12,41	8,26	11,91
Tramitación ante oficinas de emprego (enviar currículo, responder ofertas...)	8,60	21,25	10,34	14,67
Tramitación de beneficios sociais (axudas por fillos, bolsas, prestación de desemprego...)	11,22	15,33	10,65	10,30
Tramitación de documentos persoais (carné de conducir, pasaporte...)	10,15	19,93	18,78	13,37
Trámites agrogandeiros e forestais (permiso para queimas, movementos de gando, obtención de crotais...)	..	..	4,94	4,71
Xestións con centros educativos non universitarios (controis de asistencia dos fillos, titorías...)	..	..	13,53	18,73
Xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...)	55,48	64,24	72,80	86,24
Xestións universitarias (matricularse, consultar notas, calendario de exames...)	18,75	20,60	12,21	9,31
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	..	..	3,03	3,04
Outros	..	..	7,13	3,80

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#)) Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nas súas xestións ante as administracións ou organismos públicos nos últimos 12 meses

Grandes concellos

Entre os sete grandes concellos de Galicia, o Concello de Pontevedra é o que ten unha porcentaxe máis alta de persoas que usan o teléfono móbil cun 90,96%. O concello que conta cunha maior porcentaxe de persoas de 5 ou máis anos que usaron ordenador no último mes é o Concello de Santiago de Compostela, cun 78,33%. No outro extremo atópase o Concello de Lugo cun 64,75%.

No 2022, o 95,02% dos fogares do Concello de Santiago de Compostela contan con conexión a internet. Ségueno o Concello de Vigo e o Concello de Pontevedra cun 92,54% e 92,29%, respectivamente.

No Concello de Pontevedra o 90,04% da poboación de 5 ou máis anos conectouse a internet no último mes. No tocante ás compras por internet, o 56,48% dos cidadáns do Concello de Ourense de 16 ou máis anos que se conectaron a internet nos últimos 3 meses realizaron algunha compra por este medio nos últimos tres meses.

Novas tecnoloxías. Grandes concellos. Ano 2022 *Unidade: porcentaxe (%)*

Variable	Concell o da Coruña	Concello de Santiago de Compostela	Concello de Ferrol	Concell o de Lugo	Concello de Ourense	Concello de Pontevedra	Concello de Vigo
Persoas que usan móbil	89,37	89,62	82,50	86,41	89,06	90,96	89,62
Persoas que usaron ordenador no último mes	74,60	78,33	66,68	64,75	68,50	74,02	74,35
Persoas que se conectaron a internet no último mes	86,89	89,90	79,32	82,71	84,73	90,04	87,32
Persoas que realizaron algunha compra por internet nos últimos 3 meses	54,78	56,24	48,72	42,43	56,48	54,50	46,20
Fogares con conexión a internet	89,82	95,02	81,91	87,15	89,36	92,29	92,54

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares (descarga da táboa: [móbil](#), [ordenador](#), [internet](#), [compras](#) e [conexión a internet](#)) Nota: os datos de móbil, ordenador e conexión a internet fan referencia á poboación de 5 ou máis anos e os de compras por internet fan referencia á poboación de 16 e máis anos que se conectou a internet nos últimos 3 meses

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>